



## Concello de Vilasantar

---

ACTA Nº 2020/5  
SESIÓN PLENARIA XOVES 13 DE AGOSTO DE 2020

### ACTA Nº 2020/5

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN  
XOVES 13 DE AGOSTO DE 2020 -



## ACTA Nº 2020/5

Asistentes:

**PRESIDE:**

FERNANDO JAVIER PÉREZ  
FERNÁNDEZ.

**ASISTEN:**

BNG  
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE.  
ÁLVARO XESÚS GARCÍA FREIRE.

PP

JOSÉ DAVID PINTOR PAZO  
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL  
JOSÉ EMILIO MAHÍA NEIRA  
JESÚS GÓMEZ GARCÍA  
MARÍA DEL CARMEN TORREIRO  
COTOS

**AUSENCIAS:**

MARTA GARCÍA SÁNCHEZ

**SECRETARIO:**

RICARDO GARRIDO CANEDA

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O XOVES 13 DE AGOSTO DE 2020

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 12:00 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os

asuntos incluídos na

### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
- 2.- Dación de contas dos decretos de Alcaldía.
- 3.- Dación de contas dos acordos da Xunta de Goberno Local.
- 4.- Modificación ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no concello de Vilasantar.
- 5.- Dación de contas da liquidación do exercicio 2019 e necesidade de aprobación dun Plan Económico Financeiro para os exercicios 2020 e 2021.
- 6.- Rogos e preguntas.

#### 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores:

Apróbanse as actas dos plenos 2020/1 (con seis votos a favor e dúas abstencións), 2020/2 por unanimidade, e 2020/3 por unanimidade.



## 2.- Dación de contas dos decretos de Alcaldía:

Dase conta por parte do señor Alcalde deste Concello, don Fernando Javier Pérez Fernández, dos decretos de Alcaldía dictados dende o 15 de xuño de 2020 ata o 7 de agosto de 2020.

Neste punto da orde do día, o concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire fai constar queixa sobre a falta de tempo para a consulta da información e documentación enviada coa convocatoria.

## 3.- Dación de contas dos acordos da Xunta de Goberno Local:

Dase conta por parte do señor Alcalde deste Concello, don Fernando Javier Pérez Fernández, das Actas da Xunta de Goberno Local 2020/1, 2020/2, 2020/3, 2020/4, 2020/5, 2020/6, 2020/7 e 2020/8.

Neste punto da orde do día, o concelleiro do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane fai constar a súa vontade de acceso a esta documentación.

A continuación, o concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire fai constar queixa sobre a falta de tempo para a consulta da información e documentación enviada coa convocatoria. Así mesmo solicita ter acceso ó informe sobre o parque eólico Abrente, elaborado pola Universidade de Vigo.

Ante esta petición, o Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, amósase favorable ó acceso ó informe referido no parágrafo anterior.

## 4.- Modificación ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no concello de Vilasantar:

### Expte TEDEC: 2020/G014/000001

Vista as actuacións contidas no expediente 2020/G014/000001 mediante o cal se tramita o proxecto de modificación da Ordenanza *reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Vilasantar* procede trasladar ó Pleno desta coproración para a súa aprobación, se procede, da seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobar Inicialmente a Ordenanza *reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Vilasantar* nos seguintes termos:

- Actualización normativa, eliminando a referencia ó artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 1 da ordenanza.
- Engádegas do seguinte texto ó final do cuarto guión do artigo 3 da ordenanza: “[...], con referencia expresa da localización dos puntos de amoreamento e carga de madeira ou biomasa”.



- Substitución do primeiro parágrafo do artigo 4 da ordenanza polo seguinte texto:  
“Os solicitantes de cada autorización de corte e saca de madeira deberán presentar coa solicitud o xustificante de presentación dunha fianza a favor do Concello de Vilasantar por cada un dos puntos de amoreamento e carga de madeira de madeira ou biomasa, os cales deberán ser sinalados de forma precisa na documentación á que se refire o artigo 3 desta ordenanza e que deberán localizarse fóra da zona de dominio público.  
Serán válidas todas aquelas fianzas presentadas a través dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, co fin de responder do arranxo dos posibles danos que se puideran chegar a producir nas vías de dominio público empregadas para as labores das actividades afectadas pola ordenanza así como da súa limpeza.”
- Actualización normativa, substituindo a referencia ós artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia, polo artigo 103 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, no artigo 7 da ordenanza.
- Actualización normativa, substituindo a referencia ó Real Decreto 1398/1993, así como á Lei 30/1992, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, no artigo 7 da ordenanza.

**SEGUNDO:** Someter o Expediente -con carácter posterior a devandita aprobación inicial- a Información Pública e Audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

**TERCEIRO:** No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde/sa-Presidente/a para a súa publicación e execución.

O Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, da lectura da proposta de acordo explicando os cambios na ordenanza.

O concelleiro do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane, indica que hai un problema cos puntos de carga de madeira, pois considera que todos son de titularidade privada.

A continuación, o concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, indica que a Consellería competente debería enviarlle ós concellos copia das autorizacións de corta de madeira para o efectivo cumprimento da normativa.

Unha vez debatida a proposta e oídas tódalas consideracións oportunas ó respecto apróbase a presente proposta de modificación da Ordenanza *reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Vilasantar* nos seus termos orixinais por unanimidade.

**5.- Dación de contas da liquidación do exercicio 2019 e necesidade de aprobación dun Plan Económico Financeiro para os exercicios 2020 e 2021:**



**Expte TEDEC: 2020/X999/000021.**

O Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, explica os datos da liquidación do exercicio 2019 e indica a constatación da obrigatoriedade de confeccionar un Plan Económico Financeiro a dous anos como consecuencia do incumprimento dos obxectivos da estabilidade orzamentaria e da regra do gasto.

O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, solicita máis tempo para consultar a documentación dende a convocatoria da sesión e o correspondente envío da documentación complementaria, ata a celebración da propia sesión plenaria.

Ademáis, o concelleiro do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane, amosa o seu malestar e preocupación pola tardanza da aprobación do orzamento do exercicio 2020, previsto para setembro deste ano.

**6.- Rogos e preguntas:**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego formula as seguinte preguntas, con número de rexistro de entrada 202099900000078, de data 11 de agosto de 2020:

*6.1.- Como está o expediente de reintegro solicitado pola Axencia de Desenvolvemento rural para executar o proxecto PM17-246 Ensanche e mellora na carretera da Torre a Raído?*

O Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, aclara que se trata en realidade de Alvite – Faxilde. Explica que a xustificación da subvención que financiou esta obra se realizou uns días fóra de prazo. Requeriuse o reintegro por parte de AGADER e presentouse recurso o cal se atopa en fase de tramitación.

*6.2.- Cal son os motivos para que o Concello non pagase a nómina, dos traballadores e traballadoras do Concello, de xullo en prazo?*

O Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, indica que non se produxo un retraso no pago das nóminas de xullo.

*6.3.- En plenos anteriores solicitamos que se nos indicara cando se realizou a limpeza dos contenedores do lixo. No mes de xaneiro empezáronse a lavar e queremos saber cal é a situación actual e se se mantén algún tipo de seguimento deste traballo.*

O Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, afirma que se limparon o 18 e 19 de agosto.

O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, pregunta si se realizou a limpeza da primeira parte do ano.

*6.4.- Cal é o motivo polo que non se realizou a recollida de voluminosos pola empresa contratada?*



## Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2020/5  
SESIÓN PLENARIA XOVES 13 DE AGOSTO DE 2020

O Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, explica que se debe a circunstancias alleas ó Concello, propias dun retraso por averías da empresa adxudicataria do servizo e que a se ten avisado deste retraso a cada veciño.

*6.5.- Cal é o motivo polo cal a piscina municipal durante varios días careceu de hidroalcol?*

O Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, contesta que se debeu a un mal funcionamento do Concello.

*6.6.- A depuradora de Vilasantar é una fonte de malos olores. Que análise e que medidas se van a tomar para pór solución a este problema?*

O Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, explica, xunto coa concelleira do grupo popular, donma María del Carmen Torreiro Cotos e o concelleiro do mesmo grupo, don Jose Emilio Mahía Neira, que a depuradora de Vilasantar non emite mal olor e que non é algo constante. Dan conta da recente limpeza e vaciado da mesma.

O concelleiro do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane, contesta que non se fixo ningunha análise e abandona o Pleno por sentirse difamado argumentando que se lle chamou mentiroso, e considera que non se lle deixa falar.

O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, tamén abandona a sesión en solidariedade co seu compañeiro de grupo político.

A concelleira do grupo popular, donma María del Carmen Torreiro Cotos, solicita que conste en acta que se lle chamou mentirosa por parte do concelleiro do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane.

Con anterioridade a este incidente, os concelleiros do BNG presentan por escrito nove preguntas, as cales quedan sen ser formuladas por eles. Así mesmo, o Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, procede á súa lectura e afirma que serán contestadas na vindeira sesión ordinaria do Pleno desta corporación.

Ás 13:30 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, venres 2 de outubro de 2020  
O secretario, Ricardo Garrido Caneda  
Visto e prace, O alcalde, Fernando Pérez Fernández